GUÍA DIDÁCTICA
OBJECTIF B1

I- Introdución
II- Obxectivos
III- Aspectos curriculares
IV- Metodoloxía
V- Actividades propostas.
VI- Propostas de avaliación

I- INTRODUCIÓN

O curso está pensado tanto para ser usado de forma autónoma polo alumnado, como nun contexto de aula cun profesor-a.
Está estruturado en base ás catro competencias. Estas poderán traballarse como presenta o curso, aínda que é máis recomendable ir alternando actividades pertencentes a diferentes módulos.
Todo o material presentado no curso está indicado para preparar o nivel B1 de francés. Os textos propostos son auténticos e extraídos de moi diversas fontes [xornais, revistas, sitios Web, manuais, institucións, etc.]
É certo que pode ser usado de forma autónoma, pero é moi recomendable contar co apoio dun profesor-a para poder desenvolver con éxito as competencias pretendidas. En resume, é un material de apoio que nos permite acceder a unha grande proposta de actividades que se axustan ao tipo de exercicios que o alumnado pode atopar nas probas de certificación do nivel B1.

II- OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental deste Proxecto é desenvolver e acadar un nivel B1 en lingua francesa a partir da realización e actividades relacionadas coas catro competencias lingüísticas.

Ademais deste obxectivo principal contempla desenvolver outros como :

- Comprender información globais sobre temas da vida cotiá ou relativos a vida académica.
- Seguir os puntos xerais dunha discusión sempre que a lingua sexa estándar e cunha articulación clara.
- Comprender información contida nunha gran variedade de documentos audios ou vídeos.
- Comprender os puntos principais de documentos radiofónicos sobre un tema familiar.
- Ler textos sobre temas relacionados co seu campo de interese et os seus intereses.
- Localizar e identificar información en textos de certa lonxitude para cumprir unha tarefa específica.
- Localizar e comprender información pertinente en escritos cotiás como cartas e documentos oficiais.
- Identificar as principais conclusións dun texto argumentativo.
- Recoñecer os puntos significativos de artigos de xornal.
- Escribir textos coherentes e cohesionados sobre diferentes temas.
- Escribir descricións, ensaios breves, cartas persoais.
- Desenvolver oralmente as razóns dunha opinión.
- Desenvolver oralmente impresións persoais sobre diferentes temas como cine, cultura, libros, música, tecnoloxía, etc.

- Interactuar nunha conversa sobre un tema familiar co obxectivo de cumprir, resolver unha tarefa comunicativa.

- Participar en entrevistas orais sobre temas familiares ou de interese para o alumnado.

III- ASPECTOS CURRICULARES

O Proxecto relacionase co currículo desenvolvendo as competencias orais e escritas dos niveis que corresponden a 4ºESO e 1º Bacharelato.
Entre outros estándares de aprendizaxe atopamos os seguintes:
SLEB1.3. ***Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa*** *(por exemplo, nun centro docente),* ***preguntas sobre asuntos persoais ou educativos*** *(datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.*

SLEB1.4. información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indica- cións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para rea- lizar unha actividade conxunta, fa- céndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.

SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.

SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mes- mo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educa- tivo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).

SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.

SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións for- mais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.

Entre outros.

Os obxectivos pretendidos polo curso e que ser relacionan cos aspectos curriculares dos cursos indicados máis arriba son:

O alumno-a é capaz de:

- *Facer unha descrición de temas variados e familiares.*
- *Expresar sentimentos, impresións, reaccións.*
- *Relatar detalles de un acontecemento fortuito, como un accidente.*
- *Contar a trama de un libro, película.*
- *Describir unha esperanza, un soño, unha ambición.*
- *Contar unha historia real ou imaxinaria.*
- *Desenvolver unha argumentación.*
- *Dar a súa opinión.*
- *Facer exposicións breves e preparadas con antelación.*
- *Escribir, redactar textos articulados.*
- *Escribir un breve ensaio.*
- *Resumir información.*
- *Redactar informes breves.*
- *Comprender informacións sobre temas da vida cotiá.*
- *Comprender os puntos principais dunha intervención.*
- *Seguir unha conferencia, ou unha exposición oral.*
- *Comprender manuais de uso, regulamentos, textos publicitarios, descritivos, artigos de prensa, entre outros.*
- *Comprender a información de programas de radio e televisión.*
- *Ler textos de diferente tipo.*
- *Localizar a información importante dun texto.*
- *Identificar e reformular informacións.*
- *Planificar unha produción escrita e unha exposición oral.*
- *Inferir os significado de palabras polo contexto.*
- *Abordar sen preparación a conversa sobre un tema coñecido.*
- *Participar nunha conversa sobre temas coñecidos.*
- *Expresar a súa opinión e o que pensa.*
- *Comprender os puntos de vista dos demais.*
- *Facer frente a situacións da vida cotiá [nunha tenda, hotel, ximnasio, etc.]*
- *Redactar correspondencia persoal.*
- *Aplicar estratexias compensatorias.*

IV- METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta no proxecto contempla diferentes estratexias en función das competencias a desenvolver e ten como obxectivo xeral, situar ao alumnado nunha situación activa con respecto a súa aprendizaxe. Ao inicio de cada módulo haberá unha secuencia destinada á introdución do tema. A metodoloxía deberá adaptarse a cada competencia a desenvolver e a adquirir, así, para a competencia de comprensión escrita, o proxecto propón diversos tipos de textos escritos conectados coa realidade e a vida cotiá. As actividades propostas en relación a estes textos son de diverso tipo: de lectura superficial, onde só se solicita unha comprensión global da información do texto; de lectura-focalizada, para a procura de elementos precisos de información; lectura intensiva, relacionada cunha lectura precisa e detallada do texto.

As actividades relacionadas con esta competencia solicitan do alumnado que responda con verdadeiro/falso a unha serie de afirmacións, que seleccione información do texto, que xustifique unha resposta a partir do texto, que identifique unha información precisa, que reformule información. As funcións dos textos e documentos suxeridos permiten a aportación de informacións lingüísticas, dito doutra maneira, serán o pretexto para introducir os novos elementos lingüísticos a adquirir polo alumnado (organización textual, léxico, estruturas gramaticais, actos de palabra, fonemas, etc.). Así mesmo, serán motivo de información de carácter cultural (publicidades, artigos de xornais, de forums, etc.).

Con respecto ás competencias de produción oral e escrita. Na produción oral proponse unha secuencia cunha actividade introdutoria, co obxectivo de situar ao alumnado e ao profesorado con respecto á realidade dos coñecementos adquiridos do alumno/a. As diferentes secuencias en que se organiza esta unidade propoñen as habilidades lingüísticas propias do nivel B1 da lingua segundo o MCER. Con actividades tipo "presentación de contidos" e "identificación" enfrontan ao alumnado ás expresións que precisará para as actividades de produción oral. Seguidamente, terán que realizar actividades de aprendizaxe sobre esas expresións, e ao final da secuencia proponse a actividade de produción oral. Nas actividades de aprendizaxe haberá propostas de actividades de repetición, de memorización, entre outras. Neste caso, o alumnado poderá realizar a actividade oral no contexto-aula, ou gravala nun medio multimedia (vocaroo, etc) e envialo ao profesorado para ser avaliado.

En relación á competencia de produción escrita, a metodoloxía segue mantendo a mesma estrutura que para as outras competencias: actividade de

introdución, actividades de aprendizaxe, actividades de produción e de avaliación de final de secuencia. Partindo da realidade que a produción escrita é un traballo de dimensión individual, onde cada alumno/ a reflicte a súa conceptualización, formulación e aprendizaxe da lingua, é necesario que as actividades propostas para practicar esta competencia ofrezan ao alumnado as ferramentas para poder desenvolvela con éxito, e compre ter en conta que é unha das competencias na que o alumnado atopa máis dificultades. Ademais, é nas producións escritas onde se observa a maior necesidade da autoavaliación, e é por isto que se propón unha actividade de autoavaliación ao final desta unidade. Na actividade de introdución preséntase os contidos que se van a desenvolver na secuencia, nas de aprendizaxe o alumnado realiza actividades de memorización, identificación, relación, clasificación, etc. para prepararse para a fase de produción onde a partir duns temas propostos terá que realizar unha tarefa que poderá ser avaliada na clase ou enviada ao profesor-a. Na parte final da secuencia o alumnado completará o test de avaliación sobre a adquisición dos contidos propostos na secuencia. Os tipos de texto que o alumnado deberá elaborar serán cartas de agradecemento, cartas de queixa, cartas informais, escritos a un forum, ao correo de lectores dun xornal, etc.

V- ACTIVIDADES PROPOSTAS

O Proxecto propón diversas actividades, secuenciadas e orientadas a desenvolver unha serie de estratexias en relación coas competencias:

Para o módulo 1:

A- As actividades-descuberta :
Presentación de modelos de textos, análise destes modelos e comentario da estrutura dos textos.

B- Actividades de adestramento:
- Actividades de adestramento guiadas.
- Actividades de reflexión e produción libre.

C- Actividades de avaliación:
- Son actividades de autoavaliación.

Para o módulo 2:
A- Actividades de familiarización cos temas de produción escrita.
B- Actividades de reflexión sobre a estrutura dunha produción escrita.
C- Actividades de reforzo e ampliación de vocabulario.

D- Actividades para escribir.
E- Actividades de encher ocos.
F- Actividades tipo-cuestionario.
G- Actividades para expresar a causa.
H- Actividades de lista desordenada.

Para o módulo 3:

A- Actividades de verdadeiro-falso.
B- Actividades de completar coa información escoitada.
C- Actividades de selección múltiple.

Para o módulo 4:

A- Actividades de lista desordenada.
B- Actividades de encher ocos.
C- Actividades de reflexión.

VI- PROPOSTAS DE AVALIACIÓN

O curso ofrece actividades con retroalimentación onde o utilizador-a pode coñecer o seu progreso ao instante. Estas actividades son de verdadeiro-falso, encher ocos e cuestionarios.

Ademais o curso ofrece, para as actividades de produción, exemplos feitos para que o estudantes poida contrastar e corrixir autonomamente as súas producións.

Esta opcións no referente as competencias de comprensión escrita, produción escrita e comprensión oral. Para a produción oral a avaliación é menos doada, polo que optouse por ofrecer unha serie de actividades que permiten a preparación da expresión oral. O ideal sería gravar as producións e envíalas a un profesor-a para que os corrixise.